

## ÉVOS A LENGOA GALLEGA

Évos a lengoa gallega  
moza casadeira xa,  
que en vez de arrulos de neno  
cántigas quer de galáns.

Quen folgue de a ver alegre  
penas non lle ha de contar  
que as toucas das vellas nunca  
sentan ben na mocedadá.

Esa rapaza ten cóxegas:  
i antes de morrer seu país  
por muller a prometeron  
a quen llas saber buscar.

O que máis a faga rir  
viva na seguridá  
de que ha de gozar daquelo...  
daquelo que quer gozar.

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ  
( *Revista "AS BURGAS", núm..10. 3 marzo 1895*)